



PLAN DE REFORZO PARA O ALUMNADO REPETIDOR

CEIP JUAN REY
REVISADO CURSO 2018/19

ÍNDICE

1.- XUSTIFICACIÓN DO PLAN

2.- OBXECTIVOS

- 2.1.- A NIVEL DE CENTRO
- 2.2.- A NIVEL DE ALUMNOS/AS
- 2.3.- A NIVEL DAS FAMILIAS

3.-DESTINATARIOS

4.- IMPLICADOS NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN

- 4.1.- TITORES
- 4.2.- PROFESORADO CON HORAS DISPONIBLES
- 4.3.- EQUIPO DIRECTIVO
- 4.4.- ORIENTADORA

5.- PROCEDEMENTO DE ACTUACION

6.- MEDIDAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS

- 6.1.- MEDIDAS METODOLÓXICAS
- 6.2.- MEDIDAS ORGANIZATIVAS

7.- AVALIACIÓN

1.- XUSTIFICACIÓN DO PLAN.

A finalidade deste Plan é a de atender ás características e dificultades de cada alumno/a e á necesidade dun ensino personalizado, que teña en conta as súas peculiaridades tal e como establece a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, que recolle entre os seus principios fundamentais, a equidade, a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación. Este debe ser un plan que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera discapacidade.

Para levar á práctica esa disposición, debemos partir dos seguintes principios:

- Non todos os alumnos/as aprenden coa mesma facilidade.
- Non todos os alumnos/as están igualmente motivados para aprender.
- Non todos os alumnos/as aprenden da mesma forma.
- Non todos os alumnos/as teñen as mesmas posibilidades nin o entorno adecuado para aprender.

2.- OBXECTIVOS.

2.1.- A NIVEL DE CENTRO

1. Optimizar a organización do centro co fin de atender á diversidade dos alumnos de forma ordinaria, o que supón planificar, coordinar e avaliar metodoloxías axeitadas ás necesidades de todos os alumnos.
2. Incorporar metodoloxías de aprendizaxe por proxectos e/outarefas nas que se poida incorporar aos alumnos con dificultades de aprendizaxe.
3. Reforzar a comunicación coas familias para favorecer a adquisición de hábitos básicos de traballo.

2.2.- A NIVEL DE ALUMNOS/AS

1. Favorecer o rendemento e a aprendizaxe do alumnado en situación de desvantaxe escolar por razóns persoais, sociais ou culturais.
2. Contribuírao desenvolvemento integral do alumnado ao que se dirixe o programa, nos distintos ámbitos: físico, social, emocional, cognitivo e lingüístico.
3. Facilitar ao alumnado o logro das competencias mellorando os seus procedementos de aprendizaxe.
4. Potenciar a aprendizaxe e o rendemento escolar destes alumnos/as mediante:
 - A adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo.
 - A motivación cara o estudo, propoñendo formas de traballo eficaces.
 - A mellora en habilidades e actitudes asociadas á lectura e escritura.
5. Reforzar a autoestima persoal, escolar e social dos alumnos/as mellorando a súa integración no grupo e no centro.
6. Facilitar a transición dunha etapa a outra.
7. Fomentar unha actitude responsable de organización e de constancia no traballo.

2.3.- A NIVEL DAS FAMILIAS

1. Manter un contacto continuado co pai, coa nai ou cos titores legais para intercambio de toda a información relevante en cada un dos ámbitos escolar e familiar.
2. Asesorar nas medidas a tomar para afianzar hábitos de estudo, de traballo ou de conduta no fogar.

3.- DESTINATARIOS

Este programa está dirixido ao alumnado de educación primaria que se atopen en algunha das situacións seguintes:

- a) O alumnado que non promociona de curso.
- b) O alumnado que aínda promocionando de curso, non superou algunha das áreas ou materias instrumentais do curso anterior.

Os criterios que se seguirán para a selección do alumnado son:

- Ter un grao de desenvolvemento de competencias básicas que non se encontre ao redor do grupo de idade.

- Presentar dificultades de aprendizaxe nas áreas instrumentais e que se estime que, coa axud dun programa de intervención específico, poida superalas. As devanditas dificultades conducen con frecuencia ao abandono da tarefa, de forma que o fracaso poida ser atribuído á falta de esforzo antes que á falta de capacidade.
- Alumnos/as que presenten desmotivación e ausencia de estratexias de aprendizaxe axeitadas.
- Ser alumnado con dificultades de aprendizaxe cuxas familias non poden prestarlle apoio abondo na actividade escolar.
- Ser alumnado inmigrante, pertencente a etnias ou en situación de desvantaxe social que presenten as dificultades anteriormente citadas.

4. IMPLICADOS NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN

Os/as profesionais implicados no desenvolvemento do Plan son os titores/as, profesores/as con horario dispoñible para realizar apoios, o equipo directivo e a orientadora do centro. Todas as actuacións están baseadas na colaboración entre todos/as os profesionais implicados no plan.

4.1.- TITORES

As súas funcións en relación ao Plan de reforzo educativo son:

- Participación na selección do alumnado destinatario do programa.
- Observación dentro da aula co obxecto de identificar as necesidades educativas dos alumnos/as.
- Orientación con relación ás adaptacións metodolóxicas e organizativas da aula, así como de materiais didácticos e recursos persoais axeitados.
- Elaboración de materiais específicos co mestre/a que realiza o apoio para o proceso de ensino aprendizaxe dos nenos/as.
- Coordinación co mestre/a de apoio e orientadora do centro.
- Avaliación dos alumnos/as que inclúan a decisión sobre a conveniencia de retirada ou modificación dos apoios recibidos.
- Asesoramento e información ás familias sobre o proceso educativo dos seus fillos/as.

4.2.- PROFESORADO CON HORAS DISPOÑIBLES

O profesorado que non cubra o seu horario lectivo despois da súa adscrición a grupos ou áreas participará no desenvolvemento do Plan do seguinte xeito:

- Docencia compartida para reforzo educativo ao alumnado adscrito ao Plan.

- Apoio a outros profesores/as en actividades lectivas que requiran a presenza de máis dun mestra en aula.

4.3.- EQUIPO DIRECTIVO

Son funcións do equipo directivo dentro do desenvolvemento do Plan de Reforzo:

- Facilitar a axeitada coordinación con todos os profesionais implicados no Plan e no centro.
- Proporcionar a información que sexa requirida polos servizos educativos competentes e pola familia.
- Coordinar as actividades de carácter académico, de orientación e complementarias de mestres e alumnos en relación co proxecto educativo, os proxectos curriculares e a programación xeral anual.

4.4.- ORIENTADOR/A

Son funcións da orientadora dentro do desenvolvemento do Plan de Reforzo:

- Asesorar na selección do alumnado destinatario do programa.
- Colaborar na planificación e desenvolvemento do programa de aprendizaxe individualizado de cada alumno/a.
- Proporcionar criterios para a introdución de medidas que axuden á atención á diversidade, facilitando a súa acollida, integración e participación, así como a continuidade do seu proceso educativo.
- Contribuír á óptima utilización dos recursos educativos e comunitarios.
- Elaborar e proporcionar orientacións e pautas educativas aos pais/nais en relación coa educación dos seus fillos/as.
- Coordinar as reunións de seguimento e avaliación cos profesionais implicados no desenvolvemento do Plan.

5.- PROCEDIMIENTO DE ACTUACION

O remate de cada ciclo, na terceira avaliación, o equipo de profesores valorará a conveniencia da promoción do alumno que teña materias pendentes, aténdose aos parámetros establecidos na correspondente programación.

No caso de non promocionar e optar pola repetición de curso, o titor xunto co equipo de profesores cubrirá a información relativa ao estilo de aprendizaxe do alumno, onde se reflectirán os seguintes aspectos (Ver ANEXO):

- Estratexias de aprendizaxe.
- Nivel de atención.
- Ritmo de aprendizaxe.
- Planificación do traballo e hábitos de estudo.
- Modalidade sensorial preferente para o acceso ó coñecemento.
- Motivación.
- Autoestima.
- Apoios recibidos
- Tipo de agrupamentos.

Segundo as materias non superadas, os profesores correspondentes cumprimentarán un cuestionario onde se indicarán os aspectos onde o alumno/a amosa as maiores dificultades. Os aspectos a valorar serán:

1. Nas áreas de lingua:

- Expresión oral.
- Comprensión oral.
- Comprensión lectora.
- Velocidade lectora.
- Composición escrita.
- Vocabulario.
- Caligrafía.
- Ortografía.
- Reflexión sobre a lingua.

2. Na área de matemáticas:

- Numeración
- Seriación.
- Operacións
- Resolución de problemas.
- Valor posicional
- Xeometría.
- Unidades de medida.
- Tratamento da información e o azar.

Ao inicio do novo curso, o titor correspondente e o resto de profesores que imparte ensinanzas no nivel no que o alumno está escolarizado, consultará toda a información previa que quedará arquivada no expediente do alumno/a. Posteriormente na reunión inicial coa orientadora concretarase o plan específico de intervención para cada caso.

Para o deseño do plan específico tomarase en consideración a información procedente da documentación anteriormente indicada, xunto cos resultados da aplicación das probas de avaliación inicial aplicadas ó principio de curso, así como toda a información recollida polo departamento de orientación nos cursos pasados.

Paralelamente manteranse as reunións pertinentes tanto por parte dos titores/s como do orientador/a do centro coas familias, para informar e solicitar a colaboración que se estime pertinente cara a consecución dos obxectivos que se establezan en cada caso.

Traballarase en colaboración cos servizos sociais do Concello nos casos de alumnos inmigrantes, de medio social desfavorecido, minorías étnicas, etc.

6.- MEDIDAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS

6.1. MEDIDAS METODOLÓXICAS

Actuacións dirixidas a prever ou compensar dificultades leves mediante a adecuación do currículo ordinario, sen alterar ningún dos elementos esenciais, co fin de que a diversidade do alumnado alcance as capacidades establecidas nos obxectivos xerais de nivel. Poden ser xerais ou singulares.

- Xerais

Entre elas están as seguintes:

- Adecuación de estándares: priorizar, variar a temporalización.
- Organización de contidos en ámbitos integradores.
- Metodoloxías activas e con apoio visual que favorezan a participación de todo o alumnado e combinen diferentes tipos de actividades.
- Desenvolvemento de estratexias que favorezan a autonomía na aprendizaxe.
- Variar os tempos, as formas e os instrumentos de recollida de información.
- Reforzar o relativo a valores ou a determinadas capacidades de tipo afectivo.
- Reflexionar sobre os procesos de ensinanza por parte do profesor: adecuación, reaxuste...

6.2. MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- **Modalidade do reforzo:**

É prescriptivo que se leve a cabo dentro da aula ordinaria porque resulta normalizador e crea un clima positivo de cooperación favorecendo as relacións interpersoais, permite aproveitar mellor os recursos e os materiais, favorece que xerena aula un novo estilo de ensinanza, máis dinámico, participativo e aberto, por último, facilita a coordinación, a elaboración conxunta de material adaptado e a toma de decisión consensuadas.

Segundo o momento en que se leva a cabo e os contidos que se abordan, o reforzo pode ser:

- a) Previo á actividade.** É o que lle anticipa ao alumno/a algo do que se vaifacer despois en conxunto para facilitarlle o seguimento e a participación

nas actividades de ensinanza-aprendizaxe: vocabulario novo, conceptos básicos, consignas de traballo, etc.

Pode resultar especialmente aconsellable para o alumnado con problemas de audición ou con escasas competencias lingüísticas permite adiantarse ás necesidades dos alumnos-as, reforza a súa autoestima e axúdalle a seguir a clase de forma máis cómoda e proveitosa. Tamén facilita o labor do profesor-a de aula, a elaboración conxunta do material e o desenvolvemento do currículo ordinario.

b) Posterior á actividade. É o que se presta ao alumno/a despois das actividades co grupo, como reforzo destas. Axústa máis ás necesidades individuais, respecta os ritmos de aprendizaxe e pode reducir a ansiedade do alumno/a durante a clase.

c) Simultáneo á actividade. É o que se presta de forma paralela ás actividades da aula, xeralmenten as mesmas áreas que están traballando na clase, pero con contidos, recursos, metodoloxía e que pode ter adaptacións para axústa los ás súas necesidades.

7.- AVALIACIÓN

A súa finalidade principal é obter a información que permita adecuar o proceso de ensinanza ao progreso real na construción de aprendizaxes dos nenos/as para que poidan superar as dificultades detectadas.

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os estándares de aprendizaxe así como os criterios de avaliación establecidos no currículo.

A avaliación pódase recoller de continua de información. Os procedementos pertinentes para realizala deberían ter algunhas características como:

- Ser moi variados para adecuarse ás dificultades do alumno e o instrumento de avaliación non constitua un impedimento para amosar a aprendizaxe..
- Dar información concreta dos avances que se pretenderon conquistar e que motivaron a aplicación do Plan de Reforzo.

ANEXO

INFORME DO ESTILO E CONDICIONANTES DA APRENDIZAXE PARA ALUMNOS REPETIDORES

Nome e apelidos do alumno/a: _____

Curso _____ Centro _____

Nome do titor/a: _____

Data _____

- Trátase dun rexistro sobre as distintas maneiras coas que os alumnos/as se enfrontan as aprendizaxes.
- As cuestións ás que se refire versan a maioría sobre preferencias do alumno/a e as súas conductas habituais, e non sobre da súa capacidade ou destreza das mesmas.
- De ser necesario consulte coa orientadora para aclarar calquera dúbida que lle xurda sobre a interpretación de algún item.
- Sinale con unha "X" en cada apartado a opción que corresponda. Pode subliñar varias opcións cando sexa necesario.

1. MOTIVACIÓN

Reforzos ante ós que mellor responde

- Cualificacións
- Premios materiais.
- Avisos/ameazas
- Loubanzas.
- Privación de dereitos.
- Certas actividades: _____
- Outros _____

Grado de motivación:

- Realiza as tarefas con entusiasmo.
- Realiza as tarefas sen insistirle.
- Hai que insistirle para que realice as tarefas.
- Case nunca realiza as tarefas.

Atención e concentración:

- Céntrase na tarefa e nas explicacións durante un tempo suficiente.
- Céntrase durante períodos suficientes si se lle indica.
- Céntrase durante períodos suficientes só ante tarefas que lle interesan.
- Céntrase durante un tempo moi breve, incluso ante tarefas variadas.

Persistencia e esforzo ante as dificultades.

- Abandona facilmente.
- Busca axuda axiña.
- Persiste si se lle anima
- Persiste durante bastante tempo por si mesmo..

Atribución causal

- Cando ten un fracaso, atribúese a sí mesmo e a falla de competencia as causas do mesmo.
- Cando fracasa, atribúe a causas alleas o resultado (mala sorte, tarefa difícil, profesor esixente...)
- Cando ten éxito, atribúese a el/ela as causas do mesmo
- Cando ten éxito, atribúe a causas alleas (sorte, tarefa fácil, profesor benévolo)

Autoeficacia:

- Habitualmente, considérase capaz de facer as tarefas.
- Considérase capaz de facer as tarefas, anque cree que necesitaría un gran esforzo.
- Con frecuencia, considérase incapaz de facer as tarefas, incluso anque se esforzara.
- Considérase incapaz de facer certas tarefas:_____

2. RESPONSTA ANTE AS DISTINTAS ACTIVIDADES:**Áreas que prefire:**

- Linguas da comunidade.
- Inglés
- Educación física.
- Matemáticas
- Coñecemento do medio.
- Educación artística.
- Outras:_____

Áreas que rexeita:

- Linguas da comunidade.
- Inglés
- Educación física
- Matemáticas.
- Coñecemento do medio.
- Educación artística.
- Outras_____

Actividades que prefire:

- Ler e escribir.
- Calcular, resolver problemas...
- Construír, debuxar...
- Dicir, expoñer...
- Investigar, experimentar....
- Outras_____

Uso de estratexias:

- Con frecuencia non sabe utilizar os seus coñecementos.
- Traballa por ensaio e error.
- Analiza os datos e as cuestións que debe responder.
- Planifica a realización das tarefas.
- Verifica os resultados obtidos sen que se lle indique.
- Pensa en outras formas de realizar a tarefa, si se lle indica que o faga.
- Outras. _____

3. MODALIDADE SENSORIAL QUE PREFIRE**Tipo de materiais que prefire**

- De papel e lapis
- Audiovisuais
- Concretos e manipulativos
- Libros de texto ou de consulta.
- Outros _____

Modalidade sensorial que prefire

- Auditiva (escoitar)
- Visual (ler, observar)
- Cinestésica (tocar, manipular, facer)

Forma preferida de resposta:

- Oral (falar, dicir)
- Facer manipular, construír.
- Escribir.
- Debuxar, trazar bocetos ou esquemas gráficos.

4. APOIO NA REALIZACIÓN DAS TAREFAS**Tipo de axuda que precisa:**

- Precisa que lle presenten as tarefas con apoios manipulativos (obxectos tanxibles)
- Precisa que lle presente as tarefas con apoios gráficos (debuxos, esquemas)
- Precisa que lle digan como debe traballar, que debe de facer.
- Precisa que lle presten as tarefas paso a paso.
- É capaz de traballar autonomamente si se lle proporcionan pistas e suxerencias
- Precisa tempo adicional para facer as tarefas.
- Outras _____

Actitude cando se lle presta axuda

- Resúltalle estimulante
- Resúltalle indiferente
- Prefire intentalo antes por si mesmo
- Acepta a axuda anque sen entusiasmo

- Rexeita a axuda anque a precise
- Busca axuda anque non sexa imprescindible.

5. TIPO DE AGRUPAMENTOS

Participación no traballo en grupo

- Colabora e participa
- Observa sen participar.
- Realiza sen máis o que os demais lle indican
- Resístese a traballar, interrompe ós máis

Actitude perante o traballo en grupo

- Gústalle esta forma de traballar máis que outras.
- Acéptao anque prefire outra forma de traballar.
- Rexéitao, busca outra forma de traballar.

Actitude ante o traballo individual

- Gústalle esta forma de traballar máis que outras.
- Aceptao anque prefire outra forma de traballar.
- Rexéitao, busca outra forma de traballar.

Actitude ante as explicacións do profesor:

- Gústalle esta forma de traballar máis que outras
- Aceptaa aínda que prefire outra forma de traballar.
- Rexeitaa, busca outra forma de traballar.

Ubicación na aula que prefire:

- Solo/a
- Cerca do profesor,
- Con determinados compañeiros
- Alonxado/a do profesor.

OUTRAS OBSERVACIÓNS
